

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, CULTURA 2023

ANUNCIO

Título: BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, CULTURA 2023

A Xunta de Goberno Local do Concello do Grove na sesión ordinaria do 10.04.2023 acordou aprobar as Bases e Convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2023.

Procédese a formular a convocatoria correspondente mediante a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAI NO ANO 2023

O Concello do Grove establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese cultural para o Concello do Grove e dirixidas á poboación en xeral.

En ningún caso o Concello do Grove será responsable das obrigas contraídas polos beneficiarios como consecuencia da realización das súas actividades.

2. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

1.—Ser asociacións culturais validamente constituídas, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e atoparse cumprindo os seus fins, como mínimo, durante os dous anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.—Carecer de fins de lucro (acreditándose cunha declaración responsable do representante).

3.—Ter o seu domicilio social e desenvolver a súas actividades no ámbito territorial do Concello do Grove.

4.—Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio.

5.—Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvención públicas.

6.—Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior do mesmo programa.

7.—Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Programas subvencionables

Son subvencionables as actividades culturais que se recollan nalgún destes bloques:

A.—As dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas e análogos.

B.—Ás dirixidas á realización de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico e cultural nas dúas parroquias.

Quedan excluídas da presente convocatoria e, por tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou aportación, directa ou indirecta (contratación, pago de carteis, pago de megafonía, pago de sonorización ...), de calquera área ou departamento do Concello no mesmo exercicio económico.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- As viaxes de ocio e as festas gastronómicas.
- Os cursos e obradoiros que non teñan un carácter de acceso público.
- Os gastos de instrumentos e vestiario.
- Os gastos gastronómicos.
- As actividades que non se axusten ao descritos nos apartados A e B.



— Todas aquelas que non respondan á natureza da actividade subvencionada.

4. Contía e límite das subvencións

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes, será variable e determinarase, en cada caso, a contía solicitada pola entidade ou asociación e a valoración e baremación que das mesmas faga a Comisión de Valoración.

A subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo tódalas subvencións percibidas, directa ou indirectamente, polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade para desenvolver polo beneficiario.

No caso de que a contía resultante da aplicación da puntuación supere o orzamento proposto para a mesma diminuirase a achega municipal ata igualar a suma dos gastos totais.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos. As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

5. Aplicación orzamentaria

A concesión da axuda estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2023, convocándose con cargo aos orzamentos en vigor durante o ano 2023.

O Concello do Grove concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercicio actual e que se financiarán cargo á aplicación 334.48000 (PROM. CULTURA SUBV. ENTIDADES CULTURAIS) do seu orzamento co límite de 30.000 euros.

6. Solicitudes e documentación a achegar

As asociacións ou entidades interesadas en obter subvencións do Concello do Grove deberán solicitalo mediante a presentación dunha única instancia (Anexo I), con documentación xenérica e documentación específica para cada programa, segundo se sinala a continuación:

a) Documentación xenérica

— Fotocopia de tarxeta de identificación fiscal da entidade.



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

- Fotocopia do DNI do representante legal.
- Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria.
- Anexo II.- Declaracións responsables onde constan: declaración do número de socios da entidade, da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello do Grove, de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorización para a consulta directa pola administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Anexo III: Certificado do secretario ou secretaria da entidade solicitante no que consten as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para mesma finalidade.

b) Documentación específica

- Anexo IV: Proxecto ou memoria na que consten as actividades obxecto da subvención plantexadas para o ano 2023, con expresión de:
 - Datas.
 - Lugares de celebración.
 - Edición da actividade (de se lo caso).
 - Relación da actividade coa programación cultural do Concello.
 - Obxectivos de cada unha das actividades.
 - Definición do público ao que van destinadas.
 - Dossier de difusión da actividade (de se lo caso).
 - Responsables do desenvolvemento da acción.
 - Persoas implicadas na súa preparación e desenvolvemento.
 - Programa de traballo para a preparación de cada actividade
 - Orzamento de gastos e ingresos de cada unha das actividades recollidas no programa de actividades, con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobro se así fose e indicando claramente o custe previsto e a posible consecución de outras vías de financiamento.

Non se admitirá ningunha memoria ou proxecto que non se axuste ao establecido no anexo IV.

7. Presentación

As solicitudes formalizaranse nos modelos e anexos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do Concello, na páxina Web www.concellodogrove.es ou a través do e-mail casadacultura@concellodogrove.es e deberán ir acompañadas, unicamente, da documentación antes referida.



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Xeral Electrónico do Concello do Grove ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nun prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

8. Criterios para a concesión das subvencións

A valoración para o sinalamento da subvención e a fixación da súa contía realizaranse atendendo aos seguintes criterios:

BLOQUE	PUNTUACIÓN	MÍNIMO ESIXIDO
1. Proxecto cultural	13	4
2. Proposta económica	8	2

A valoración de cada un dos bloques atenderá a aplicación dos seguintes parámetros:

BLOQUE 1. VALORACIÓN DO PROXECTO CULTURAL

Parámetro	Descrición	Puntuación
Adaptación ás bases establecidas	<i>O proxecto presentado axústase á información requirida segundo o establecido no apartado 6 destas bases.</i>	1
Continuidade no tempo	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que teñan chegado a máis de tres edicións con cadencia temporal definida.</i>	1
Desestacionalización	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que se desenvolvan en períodos de baixa actividade (é dicir, fóra dos meses de xullo, agosto, outubro e decembro).</i>	1
Lugar das actividades	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que se desenvolvan en instalacións non municipais.</i>	1
Volume de actividades	<i>O proxecto inclúe a lo menos catro actividades diferentes.</i>	1
Colaboración con Concello	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que forman ou formarán parte do programa cultural do Concello.</i>	1
Obxectivos da actividade	<i>O proxecto contribúe a divulgación cultural fomentando algún dos seguintes valores: identidade local, igualdade, multiculturalismo e difusión da lingua galega.</i>	1
Público da actividade	<i>O proxecto conta cun público potencial que abrangue a meirande parte da veciñanza do Grove. Valorarase positivamente que existan actividades para cada segmento pero que o proxecto total cubra a súa totalidade.</i>	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GID43SBTCW8SNC6A



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

Parámetro	Descrición	Puntuación
Integración Social	<i>Valorarase positivamente que se inclúan no Proxecto actividades de integración social.</i>	1
Proxección das actividades	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que teñan acadado ou podan acadar difusión fóra do Concello.</i>	1
Recursos humanos requiridos	<i>Número de persoas implicadas na preparación e desenvolvemento da actividade. Tomarase como referencia o número en relación cos socios do colectivo que presenta o proxecto</i>	1
Tempo de preparación	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos dúas que requiren máis de 6 meses de preparación.</i>	1
Duración da actividade	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai a lo menos unha que se desenvolve en máis de un día.</i>	1

BLOQUE 2. VALORACIÓN DA PROPOSTA ECONÓMICA

Parámetro	Descrición	Puntuación
Adaptación ás bases establecidas	<i>A proposta presentada axústase á información requirida segundo no establecido no apartado 6 destas bases.</i>	1
Outras axudas públicas	<i>As actividades recollidas captan fondos doutras institucións públicas.</i>	1
Outras axudas privadas	<i>As actividades recollidas captan fondos doutras institucións privadas.</i>	1
Financiamento adicional	<i>A asociación ou entidade non cobra cotas nin taxas aos seus asociados.</i>	1
Venda de entradas	<i>As actividades previstas son gratúitas para os participantes ou asistentes.</i>	1
Orzamento de gasto	<i>A proposta de orzamento está modulada e adecuadamente valorada. Penalizaranse as propostas con orzamentos sobrevalorados.</i>	1
Orzamento de ingresos	<i>A porcentaxe de aportación do Concello non tería que superar o 60% do custo da actividade para que a mesma puidera desenvolverse.</i>	1
Optimización de recursos	<i>O custo das actividades plantexadas resultan competitivos en termos xerais. De tal xeito que quede constado que a contratación da actividade non lle resultaría máis económica ao Concello.</i>	1

9. Comisión avaliadora

A Comisión avaliadora estará conformada pola concelleira/o de cultura e persoal do Concello do Grove. Actuará como secretaria a Directora da Casa da Cultura, con voz pero sen voto.



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

A comisión avaliadora, constituída regulamentariamente, valorará as peticións aplicando os parámetros recollidos no apartado 8, elaborando adicionalmente un informe razoado no que se indiquen os elementos tidos en conta no outorgamento ou non da puntuación.

A comisión avaliadora poderá solicitar todos aqueles informes adicionais que considere necesarios para resolver.

Unha vez establecida a puntuación de cada proxecto realizarase o correspondente reparto de fondos en función da referida puntuación. Terase en conta que os proxectos que acaden a máxima puntuación segundo a táboa exposta (21 puntos) optarán ao máximo de dotación por esta subvención sendo prorrateada con puntuacións inferiores. A proposta de concesión de subvencións, así realizada, someterase a aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 29/2005, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O transcurso de seis meses a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución lexítima os interesados entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude da subvención.

10. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades, os beneficiarios deberán xustificalas antes do 1 de decembro de 2023.

Para cobraren a subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

1.—Instancia subscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello do Grove na que solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a titularidade do asinante da instancia por medio da certificación do secretario da asociación ou por calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do asinante.

2.—Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo das actividades.

3.—Conta xustificativa das actividades presentadas na memoria inicial que son obxecto da subvención, determinando o custo ou gasto total, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da contan se atopan no domicilio da entidade beneficiaria á disposición do Concello para o seu exame.

4.—Copia autenticada de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida (independentemente da



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

actividade dentro do programa á que fora destinada) indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade.

5.—Os gastos xustificadas deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

6.—En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31 da lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

7.—Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade, xuntado un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e a declaración responsable do representante de a ter feito.

8.—Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicita da concedida.

11. Requisitos das facturas

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2023, que é o ano en que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos a persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañadas dos TC.

12. Pagamento

No caso de que se xustifique un gasto polo 100% do concedido na subvención, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do concedido na subvención aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por orde de transferencia á conta bancaria indicada polo receptor.



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

13. Obrigas dos beneficiarios

As entidades subvencionadas están obrigadas a:

1.—Destinar a subvención exclusivamente para as actividades ou proxecto para o que se solicitou e concedeu.

2.—Acreditar a realización do proxecto, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da axuda.

3.—Comunicarlle ao Concello do Grove a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade subvencionada.

4.—Presentar a documentación esixida, así como facilitar calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.

5.—Facer constar en toda a publicidade ou información da actividade subvencionada o logotipo do Concello do Grove segundo as indicacións técnicas facilitadas.

14. Devolución e reintegro

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

1.—Por obtelas falseando as condicións requiridas.

2.—Por non realizar, durante o 2023, a lo menos o 75% das actividades recollidas no proxecto para o que se solicitou e concedeu a subvención.

3.—Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.

4.—Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

15. Interpretación

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo persoal do departamento de Cultura do Concello do Grove.

16. Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía.

17. Xurisdición aplicable

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras a modificación dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

18. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido nas bases de execución o Orzamento Xeral do Concello do Grove en vigor durante o exercicio 2023 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18/11/2003) e demais lexislación de desenvolvemento.



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

ANEXO I

SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO ACTIVIDADES CULTURAS 2023

Centro Directivo:	Concello do Grove. Concellería de Cultura	Nº Expte.	
Convocatoria:	Concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2023		

1. Datos do/a representante da asociación			
Nome:			
Enderezo:			
Código postal:		Localidade:	
Provincia:		NIF:	
Teléfono:		Correo electrónico:	
2. Datos da asociación/entidade			
Nome:			
Enderezo:			
Código postal:		Localidade:	
Provincia:		Teléfono:	
Correo electrónico:			
Páxina web/ Blog da asociación:			
Número de socios/as:		Pagan cota?:	Cantidade:
3. Datos da subvención solicitada			
Orzamento total		Subvención solicitada	
4. Documentación aportada			
<input type="checkbox"/> Fotocopia de tarxeta de identificación fiscal da entidade <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do/a representante legal <input type="checkbox"/> Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria <input type="checkbox"/> Anexo II: Declaración responsable <input type="checkbox"/> Anexo III: Certificado de subvencións <input type="checkbox"/> Anexo IV: Memoria do proxecto			

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GID43SBTCW8SNC6A



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

ANEXO II

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

D/D^a.

DNI/NIF, en calidade de

da asociación con CIF

DECLARO:

Responsablemente, ante o órgano competente para a concesión das subvencións que:

O número de socios e socias da asociación ou entidade que represento ascende a

Que esta entidade/asociación non podería realizar as actividades previstas de non ser beneficiaria da subvención do Concello do Grove.

Que a asociación/entidade que represento cumpre cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 25 do Regulamento da lei xeral de subvencións.

Que a asociación/entidade que represento se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que autorizo ao Concello do Grove para a consulta directa das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.

Que, así mesmo, me comprometo a acreditar nun prazo de dez días, conforme o establecido no artigo 23.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a partir do requirimento que se me formule, mediante documentos orixinais ou outros medios, os extremos a que se refire esta declaración.

..... de de 2023

.....
(Sinatura)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GID43SBTCW8SNC6A



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

ANEXO III

CERTIFICADO DE SUBVENCIONS

D/Dna.,

DNI/NIF.....,

en calidade de secretario/a da asociación

con CIF

CERTIFICO

Que a esta asociación/entidade Si Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade

Relación doutras subvencións ou axudas para este proxecto doutros organismos públicos e/ou entidades privadas , especificando, no seu caso, aquelas efectivamente concedidas ata a data e o seu importe:

Entidade á que se solicitou a axuda	Nome da axuda	Data	Contía solicitada	Contía concedida	Estado*

* Concedida/ Denegada/ En Trámite

..... de..... de 2023

.....
(Sinatura)

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GID43SBTCW8SNC6A



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

ANEXO IV

MEMORIA DO PROXECTO

IMPORTANTE:

- Ler o formulario completo antes de cubri-lo.
- A memoria poderá ir acompañada por material fotográfico, programas de man, carteis, etc.

I Nome completo da asociación

Nome:		CIF:	
-------	--	------	--

II Datos do proxecto

1. Denominación do proxecto:

Denominación do proxecto:	
---------------------------	--

2. Datas de celebración e calendario das actividades subvencionables que inclúe o proxecto, que deberán desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2023.

Actividades	Data de inicio			Data de fin		
	Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano

3. Lugares de celebración:

--



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

4. Número de edición da actividade:

5. Relación da actividade coa programación cultural do Concello do Grove:

6. Resumo do proxecto. Explicar de maneira sintetizada, clara e suficiente:

a) Actividades culturais subvencionables. Citar, explicando brevemente as actividades e características principais:

b) Obxectivos de cada actividade:

c) Público ao que vai dirixido:

d) Responsables do desenvolvemento da acción:

e) Persoas implicadas na preparación e desenvolvemento das actividades:

f) Programa de traballo para a preparación de cada actividade:

7. Sinalar se existen actividades de integración social. Citalas e explicalas brevemente:



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

8. Orzamento das actividades subvencionables que constitúen o proxecto:

NOME DA ACTIVIDADE	CUSTO PREVISTO	GRATUÍTA SI/NON

9. Desagregación do importe previsto en cada tipo de gastos:

GASTOS	CUSTO TOTAL EN EUROS
TOTAL:	

* Persoal, arrendamento de servizos, servizos técnicos, edición de publicacións, xestión e administración, publicidade e propaganda, etc.

10. Vías de financiamento e ingresos obtidos pola asociación: cotas de socios, venda de entradas, venda de produtos, axudas doutras administracións, patrocinios privados...

TIPO DE FINANCIAMENTO OU INGRESO	TOTAL EN EUROS
TOTAL:	

11. Medidas de publicidade ou difusión das actividades e dossier da actividade (de ser o caso):

--

III Outras actividades da Asociación.

* Exceptuaranse as actividades subvencionadas a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou aportación, directa ou indirecta (contratación, pago de carteis, pago de megafonía...), de calquera área ou departamento do Concello no mesmo exercicio económico

--



Mércores, 19 de abril de 2023

Núm. 75

IV Observacións que desexe facer o/a solicitante:

D/Dna.....

.....,

En calidade de da asociación

certifica a veracidade de todos os datos que constan no presente anexo.

O Grove, de de 2023

.....

(Sinatura)

(*) Segundo proceda.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia (Anexo I) e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas .**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello do Grove
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no de exercicio poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados/as do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar toda a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo electrónico: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy

JOSÉ ANTONIO CACABELOS RICO, ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GID43SBTCW8SNC6A

